

DEPORTE EN IDADE ESCOLAR

CAMPIONATO CAMPO A TRAVÉS ; SANTIAGO

Organizado pola Agrupación Deportiva "LA PARRA", e baixo o control técnico do Comité Territorial de Xuices da F.G.A.,celebrarás o Campionato Escolar de Campo a Través o día 14 de Decembro do 2.013, no circuito do **Parque da Alameda** . O campionato de zona será o 18 de Xaneiro do 2.014, neste mesmo circuito.

As datas de nacemento dos atletas son :

BENXAMIN : Nados nos anos 2.006-2.005

ALEVIN : Nados nos anos 2.004-2.003

INFANTIL : Nados nos anos 2.002-2.001

CADETE : Nados nos anos 2.000-1.999

En todas as categorías haberá competición masculina e feminina

REGULAMENTO:

1- Poderán participar tódolos Centros Escolares, Clubes e Entidades deportivas, co número de equipos que dexe en.

2- Cada equipo estará formado por 6 atletas dos que puntuarán os 4 mellor clasificados , agás na categoría cadete , na que puntuarán os tres primeiros.

3- Estableceráse dúas clasificacións:individual,segundo orde de chegada, e por equipos sumando os puntos obtidos polos 4 ou 3 corredores mellor clasificados, resultando ganador o equipo que acade menos puntos

4- Clasificaránse para disputar a fase de Zona os 3 mellores equipos de cada categoría (pudindo aumentar este número segundo a participación) e os atletas que entren na meta nos postos 1 ao 8 ,si non forman parte dos equipos clasificados. Tamén poderán clasificarse para esta fase, aqueles equipos que por motivos xustificadas non completasen o número mínimo de atletas que puntúan, tendo en conta que o máximo de equipos que correrán na fase intercomarcal é de oito por categoría.

5- Horario e distancias aproximadas a percorrer.

Hora	Categoría	Distancia aproximada
11	Benxamin feminino	500 ms
11,07	Benxamín masculino	500 ms
11,15	Alevín feminino	600 ms
11,25	Alevín masculino	800 ms
11,35	Infantil feminino	800 ms
11,50	Infantil masculino	1.200 ms
12,05	Cadete feminino	1.200 ms
12,20	Cadete masculino	2.500 ms

6- Tódolos atletas e entrenadores deben formular a súa inscrición na paxina de Internet www.deporteescolargalego.org

7- As listas dos participantes enviaráanse ,antes das vinte horas do xoves anterior a cada competición, as oficinas do Deporte en Idade Escolar, Fax 881997627 ou a dirección de correo electrónico paalva53@edu.xunta.es

8- A composición dos equipos pode variarse en cada xornada.

9.-Poden utilizarse os vestiarios do pavillón do Pío XII

10- Os Delegados recollerán os dorsais en Secretaría, antes do comenzo das probas .A organización non facilitará imperdibles.

11-Tódolo non previsto neste reglamento resolveráse co reglamento de I.A.A.F.

12- A organización non se fai responsable dos danos morais e materiais que poideran xurdir con motivo das probas.

Santiago a 11 de Novembro do 2.013